

RG-814/10

RG-223/1



ADIANTE

Orgao das Mocedades Galeguistas (Filial de Irmandade Galega)
A NOSA VOZ PREGOA — A REDENZÓN DA BOA — NAZÓN DE BREOGAN

ANO 1

BOS ARES, XANEIRO 1954

Número 1

¡Adiante, Irmans!

Os povos que perden a súa liberdade, perden a sua dignidade; e fícales un só modo de manter ista: loitar por aquila. Veleiquí, en resumo, a laboura que emprenden as Mocedades Galeguistas e o seu periódico ADIANTE — estas follas que no seu primeiro número tendes nas mans—: manter a dignidade do Povo Galego. E mantela do único xeito posibel, que é loitando pol-a liberdade de Galiza usando todal-as armas que temos a man: a fala, o folklore, a literatura, o xornalismo...

As Mocedades Galeguistas propenden a desenrolar unha amplia comprensión entre a xuventude galega emigrada e os mozos arxentinos descendentes de galegos, a quenes abrimos as portas do noso lar pra que, xunguidos co pensamento posto na Terra Nai, cultivemos os valores nazonáis galegos i espallemos o seu coñecemento por todol-os meios ó noso alcance; poiando todo movemento tendente a outer o dereito de auto-determinación da Nazón Galega.

I en canto a isto, entendédenos ben: nós non imploramos con saloucos a esmola dunha autonomía mesquina, nós eisiximos a independenza ausoluta e total pra Galiza.

Isto non quere dicer que voltemos as espádoas ós demais povos peninsulares. Chegado o caso, e conquerida a nosa independenza, non nos negaríamos a enformar nun plan de igoaldade de con Cataluña, Euscadi, Portugal i Hespaña: unha Comunidade Ibérica de Nazóns; orgaizada como antecedente na Península pra chegar a unha Comunidade Europea de Nazóns; a soia unidade na que Galiza pode entrar sen míngoa pra o seu desenvolvemento nazonal.

A nosa posizón está na más rigorosa liña do Nazonalismo Galego. Manifestámolo eisí, craramente, pra que non haxa confusións sobor do noso pensamento, e porque pra levar adiante a cruzada que nos propoñemos (que ben sabemos estará chea de intres ingratos e dôrosos) temos de sere perante todo sinceros e decididos. Diste xeito non poderán inculpar de farisaico o noso fervor, os entendimentos tropes e as almas valeiras de sentimentos dos "imbecéis i escuros". Contra files imos a arrometer, coa fronte ergueita e levando en outo a bandeira azur e branca do noso rexurdimento nazonal, dicendo coas bariñas verbas de Alfredo Brañas:

¡Caste dos celtas, desperta axiña
ergue do fango da escravitude!

MOZOS GALEGOS:

AFILIADOS NAS MOCEDADES GALEGUISTAS

- Excursións e festas de fraternidade.
- Estudo e práctica do folklore galego.
- Debates culturales.
- Biblioteca Nazonalista.

MEXICO 1660

SABADOS DAS 17 AS 20 HS.



CASTELAO

O patriano que resumeu en si os ideais dos Precursores. Oxe, símbolo da Nazón Galega.

Sáudo do Segredario do Consello de Gaiza as Mocedades

Mozos galeguistas:

Que na loita pol-a liberdade da Patria Galega, os vosos peitos se sintan arrequentados por un outo sentimento de xustiza e de irmandade pra todol-os homes e pra todol-os povos.

Antón Alonso Ríos.

Pedro Campos Couceiro

SEU ÓBITO

No intre de entrar iste número na máquina, chéganos a triste nova da morte dun esgrevio galeguista: Don Pedro Campos Couceiro. Na imposibilidade de adicarlle neste número a nota necrolóxica da que a sua persoalidade precursora faino merescente, farémolo na próxima edición.

Na mentras, vaian ós seus fillos e de máis familiares as nosas mais sentidas condoencias.



Decálogo do Bô Galego

- 1º Amar e defender a Galiza, sin deixar emporiso de respeitar a todal-as nazonalidades, e faguendo que os outros tamén nos respeiten.
- 2º Loitar con todol-os folgos pra recobrar a independenza galega.
- 3º Falar o noso idioma i esparguelo canto sexa posibel.
- 4º Coñecer a historia de Galiza, os seus homes e as suas mulleres, que traxeitaren pol-o noso grandecemento atraveso das cencias, das letras e das artes.
- 5º Conservar o folklore galego, eisi como todal-as costumes tradizionais, que tan importante papel xogan na persoalidade da nosa Terra.
- 6º Saber (sempre que sexa posibel) quenes son os nemigos de Galiza, pra eisi, arredándose das suas suxestións e mal intencionadas tramoiñas, poder gañar máis tempo e mellor eficencia na recuperazón dos nosos dereitos.
- 7º Pra que o lume interior do lóxico entusiasmo non se esmoreza nin esmaie en ningún intre, todo bo galego deve aguilloalo dende fora, léndo livros escritos no noso idioma e que traten das nosas cousas. Ademáis, levar na boteira da chiqueta unha enseña galega, e adicar simbólicamente a Galiza algún curruncho do fogar.
- 8º O que teña fillos, inda que istes non sexan galegos, ten a obriga moral de amostrarllles o que foi, o que é, e o que ten de ser a nosa Patria no concepto das nazonalidades. Deve tamén ensinarlle a falar galego.
- 9º É dever ineludible de todo galego conciente dos probremas que afeitan a nosa Terra, eispricarlllos a moitos que ainda aituando en Instituzóns galegas, fanno con indiferenza por faltarllles o coñecemento cabal dos tales probremas.
- 10º O compreexo de inferioridade, que arrastran tras de si moi tos galegos, até chegar o eistremo de negar a sua verdadeira e única patria, soamente xustificase coa ignoranza e a cobardía. Ise aldraxe inconcente contra a Terra Nai, deve combatirse denodadamente, xa sexa no propio terreo das circunstancias ou no alleo. Cicáis fagan falla poucas verbas pra sacar a moitos dentro isa brétema de compunximento. Ista laboura é un dos más sagros mandamentos a cumplir polo Apostolado Galeguista.

XOSÉ ULLA.

Homaxe a Pardo de Cela

No casal do Centro Betanzos reizouse o 17 de nadal un homaxe ó mártir das nossas liberdades, co gallo de se comprar o 470º aniversario do seu asesiñato polos invasores cataláns. O aito veuse honrado pol-a presenza dos Sres. Antón Alonso Ríos i Elpidio Villaverde, membros do Consello de Galiza. Asistiron tamén delegados das mocedades vasca e catalá.

Principiou o aito co Hino Nazional Galego, interpretado maxistralmente pol-o coro "Os Rumorosos", o cal foi acompañado pol-a numerosa i entusiasta concurrencia. A continuazón falou o irmán Conles Tizado en representazón das nosas mocedades quen o fixo do seguinte xeito:

"O 17 de nadal de 1483, fai oxe 470 anos, era decapitado na praza de Mondofiedo o Mariscal Pedro Pardo de Cela. Iste feito non é un acontecemento más na nosa longa historia, é o fito que marca a entrada definitiva da nosa nazón nise ausurdo estado, que, orgaizado baixo a hexemonía de Castela, chamos Hespaña.

"Moitas consecuencias tivo pra nós isto feito. Os hespániolos levaron pra Castela os nobres — depositarios da outa cultura da época —, invadiron as nosas eirexas e os nosos conventos de obregos e monxes casteláns, quitarónnos a representazón das Cortes, destrozando eisí unha

cultura que estaba no seu período máis froracente. O que segue ben o sabedes vos; o noso idioma foi relegado á categoría dunha lingoaaxe de labregos; a nosa economía arruinada de tal xeito que deu orixe ó pavoroso problema da emigración; o nome do noso povo, que deu a Castela patria, relixión e cultura, usado como sinónimo de insultos ou parvez.

"Oxe, os donos da "una, grande y libre", coidan que prohibindo o uso do noso idioma i entropescendo odesenrolo do noso rexurdimento cultural, xa nos deron o golpe de gracia. Emporiso, as Mocedades Galeguistas, na sua laboura apropiada da liberdade e diñidade de Galiza, organzan iste homaxe ó mártir precursor das nossas liberdades; e que ten, tamén, outro sñificado: é a afirmazón da nosa persoalidade nazonal, pois a pesares de 470 anos de estar sometidos na escravitude que nos impuxo a ruda intolerancia castelá e o seu bárbaro proceso de castelaizón, os galegos seguimos sendo galegos, e seguimos falando en galego, e seguimos pensando e castelanizón, os galegos seguimos cantando, e queixándonos e reclamando a nosa liberdade en galego".

O irmán Conles foi entusiastamente aprausado.

Seguidamente falaron o Sr. Ihaki Renteria a nome da xuventude vasca e o Sr. Jaume Serrador polo

Homaxe a Curros Enríquez

O 19 de setembro as Mocedades Galeguistas fixeron unha xuntanza especial adicada o gran patriauo e poeta galego Manoel Curros Enríquez. O aito consisteu nunha conferenza a càrrego do Licenciado Don Ramón de Valenzuela Otero, quen foi presentado pol-irmán Xosé Neira Vilas.

O Licenciado Valenzuela falou do ambiente cultural e político da nosa Terra na época na que o noso vate desenvolviu as suas actividades, felicitando o fin das suas parolas os xóvenes das Mocedades pol-a laboura que desenvolven en pro da nosa recuperazón nazonal. O orador foi moi aprausado pol-a concuerenza.

ENCOL DO NOSO HINO

Co gallo da enérxica nota enviada polo Centro Betanzos ás entidades galegas, por mor de haberse dado ó noso Hino o nome de Hino dos Pinos, en altos reaizados na nosa colectividade durante as Xornadas Galegas —nota que moito fala april da laboura patriótica da entidade cursante— compre facer un pequeno comentario encol da sifificanza da nosa Canzón Patria

Un hino non é un composto de verbas e música feito pra encher un logar valeiro en altos públicos; é algo que representa á Patria mesma, e darlle outro nome é como pretender desvirtuar o seu simbolismo. Os galegos non cantamos ós pinos, senón a Galiza, que é pino i é ceo, bráistema e craridade, val e montaña, froi e Paxaro, mais que tamén é terra de homes que loitan e agardan a sua redenzón; issa é o mensaxe do noso Hino, que é a verba do noso povo feita poema e melodía pol-o sentimento de doux artistas galegos.

Amás do devandito, pódese apuntar que o noso Hino non foi imposto pol-as leises de ningún estado, senón adeprendido e conservado pol-o povo galego atraveso de loitas e persecucións, empurso é un verdadeiro símbolo noso, que non foi cantado en frias ceremonias oficiais, senón nas afervoadas xuntanzas dos patriotas galegos.

As Mocedades Galeguistas solidariáñandose coa nobre altitude do Centro Betanzos en defensa da nosa Canzón Patria altitude que sería de desaxar fose a de todol-os galegos en presenza de calisquera aldraxe feito a Galiza ou ós seus símbolos patrios.

grupo "Joventut Catalana", quenes se adheriron á nosa loita pol-a Independenza Galega. Pra pronunciar o discurso de fondo estaba programada a presenza do Sr. Liño Pérez, quen por un insalvable incoñente de derradeira hora non pudo asistir. No seu logar improvisou unha maxistral disertazón o noso ben coñecido irmán Licenciado Valenzuela, quen foi acesamente aprausado pol-o público o aparecer no astrago, como asemade é longo do seu discurso.

AITO DE CONSTITUZON DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

O día 22 de agosto pasado xurdiron á vida patriótica as Mocedades Galeguistas, filial xuvenil da Irmandade Galega; o acto de inauguração levouse a cabo na sede da devandita entidade e contou cunha entusias- ta concurrencia de mozos arxentinos e galegos que xúnguense coa arela de conquerir pra Galiza as llerdades que lle pertenecen por direito propio. Honraron a xuntanza coa sua presenza o Segredario do Consello de Galiza e varios socios da Irmandade Galega.

As Mocedades Galeguistas, que anceian agrupar no seu seo a todolos mozos que sintan inquedanzas pola Patria, Galega, escomenzan diste xeito as suas aitividades que abrangueran os diversos aspeitos do problema galego, a cuia soluzón coidan aportar os seus mellores esforzos.

Discutidas e aprobadas as bases constitutivas da entidade, procedeu a elección das suas autoridades, e o segredario xeral das Mocedades, irmán Carlos Abraira dou leitura a alocuzón que seguidamente se engade; e quen logo dunha breve e axeitada introdución, segueu dicendo:

O ouxeto inmediato é eriar unha institución xuvenil, na que se poñan a contacto galegos, descendentes de galegos e todolos mozos que queren colaborar na consecución dos osos ideais. apral de Galiza. A necesidade ducha sociedade como fista evidente, pois se ben existe en Bós Ares unha podente colektividá galega que eriou prestixiosas entidades, que son motivo de lexitimo orgullo pra todolos fillos dista noite raza, non existe ningunha constituída exclusivamente por mozos arxentinos e galegos xunguidos baixo o imperativo de comúns intereses spritais. No noso caso ises comúns intereses, que non duvidamos existan no grupo inizador que niste intre compoñemos, son principalmente: contribuir pra un entendimento sincero e cordial entre o xóven emigrado e os arxentinos da sua mesma taza e formar en ambos unha xenuina consenza do galego, no estudo e no cultivo dos vaores de toda índole que posee esa nazionalidade, de tanta e as vegadas esquecida significación na historia dos povos occidentais".

"O ser galego e o dereito e o dever de coñecer os elementos formativos da sua propia patria sería de tan evidente e inmediata dependencia lóxica, que non necesitaría ningunha consideración previa se non fora pola situación forzada e antinatural na que se desenvola ista nazón desde hai algúns séculos. Esta situación fai que oxe casi seña revolucionario na propia Iberia falar disa relación indiscutible, e que moitos galegos consideren as inocultables diferenzas que os distinguen do resto dos povos da Península, como un mero acento regional, que en todo caso só sirve pra poñelos en situación de inferioridade".

"A misia conversa dirixirse en especial os xóvenes de estirpe galega que niste intre me escotan, en certo xeito representativos disa grande parte da povoación dista República, enformada por arxentinos de idéntica procedenza. Connosco, o problema é más complexo, porque desgraciadamente non todos hemos sido educados no coñecemento da patria dos nosos pais, como non fora identificándoa con esa vaga expresión "España" que suxere moito más a seca

estepa castelá ou unha corrida de touros, que as líricas campañas e as azures rías galegas".

O irmán Abraira falou logo das dórosas consecuencias que, orixinadas na ignoranza en que vive o povo galego con respecto á sua cultura nazional, fan que moitos emigrados desprecien a sua Terra; e prosegueu:

"Pra moitos americanos as modalidades galegas son simplemente rexionalismos pintorescos. Ademáis todas isas desgraciadas influencias, culpa a miúdo do suicidio espritoal de moitos galegos, provocan no descendente de galegos esa bretemosa indiferenza e as vegadas incalificable descoñecemento a que facíamos referencia é principio. Ista é a causa primeira de todos ises errores e a combatila irán dirixidos principalmente os nosos esforzos. O estúpido prexuizo de tantos xóvens que evitan nomear o seu orixe, a despreocupazón ou a sorrixiña bulrona ante o conceuto nazonal ou a verba acendida superarémola a costa do noso esforzo, o noso tesón imbatibel, a búsqueda da verdade e o noso afán de imponerlla nos demás i en nós mesmos. Os fillos da raza galega temos o dever de coñecer as características propias de Galiza, o seu idioma, a sua tradición, a sua literatura, a sua historia, a sua xeografía, a sua economía, etc. que enforman unha variedade diña de consideración dentro do patrimonio cultural da humanidade e que non se deve deixar perder so pena de atentar contra ese patrimonio mesmo. Tenhamos sempre ben na conta que o noso intrés pola idiosincrasia galega non é en ningún intre unha curiosidade cisterna de tipo intelectual, senón que nos axuda a definiñanos como seres humanos, a coñecer mellor o noso propio temperamento e modo de ser. Porque o modular do noso eu, aquilo se altera polas variazóns do ambiente en que vivamos, está formado de xerezazóns dista raza milenaria, i é fundamentalmente galego".

O orador segueu falando encol das diferenzas xeográficas, étnicas e culturais que distinguen a Galiza como nazón diferenciada do resto dos povos da Península Ibérica. Fixo tamén unha eisaltazón do idioma galego, lembrando algúns dos escritores d'outras nazóns que usaron a nosa



ALONSO RÍOS

Segredario do Consello de Galiza, composto de persoas elexidas pola derradeira vontade libremente expresada polo Povo Galego.

língua, tales como o andaluz García Lorca e o arxentino Francisco L. Bernández; e facendo un percorrido atraveso das grandes figuras das personalidades galegas dende Paulo Orosio até Alfredo Brañas. Lembrou tamén o nome dalgúns arxentinos ilustres descendentes de galegos como Bernardino Rivadavia, Cornelio Saavedra, etc. e de galegos de destaca aituación na vida arxentina como Pedro Cerviño e Ruiz Huidobro, prosegundo:

"Da velocísima percorrida que fixemos sobre dos carateres distintivos galegos, xurde que Galiza é unha nazón de feito, con todas as caraterísticas necesarias pra ocupar o posto que lle corresponde no concerto das nazóns do mundo e o que é principal, cuns vaores humanos inmellorables que capacitan pra alcanzar luminosos destíños. Eisi reconéceron a Terceira Internazonal e o IX Congreso das Minorías Nazonais Europeas da Sociedade das Nazóns. Dí o respecto Don Vicente Risco: "Se Galiza é unha nazón de feito, deve poseer todas as prerrogativas que o Dereito concede ás nazóns: goberno propio e autónomo que lle permita resolver por si mesma os seus problemas: lexislación acomodada ó seu modo de ser e ás suas necesidades; liberdade pra o seu desenvolvemento económico; dereito ó exclusivo ou non, do seu propio idioma e a desenrolar a sua cultura autónoma".

"Nembargantes, no só non é elí, senón que nin siquera se lle reconécen os dereitos máis elementais e pónselle por debaixo díoutros povos peninsulares de menor persoalidade. O centralismo cerril e intolerante da mesa castelá, nunha dominazón do resto de Hispania tan nefasta como é a de Prusia sobre de Alemaña, i en egoísta pretensión de eliminar todas as culturas baixo a sua exida pra imponer artificialmente a sua

(Pasa á páxina 4)

Aito da Constitución das Mocedades

(Ven da página 3) propria, emparveceu a alma e a cultura galegas co golpe unificador que tronchou unha nazonalidade florente no século XV. Escomezouse por prohibir o idioma nos aitos oficiais e tratouse de desacreditalo como linguaxe culta, prohibíndose o seu uso nos aitos relixiosos, levando os nobres galegos — depositarios da cultura nas suas formas elevadas — á corte castelá, decapitando diste xeito a Galiza. A literatura galega, como ben se dixo outras vellas, despareceu en circunstanzas asaz anoradas, pois non o fixo en período de densa como outras, senón nunha etapa superior, como é a lírica contemporánea ás primeiras expresións do castelán, casi todas no período épico ouda semi-barbarie literaria".

Do seguido, o irmán Abraira, espricou como sobreviveu a cultura galega, a pesares de 300 anos de estar asovallada polo político centralista e asesina de culturas de Castela; manifestou que a nosa cultura manifestouse no idioma e fíxe nas boas dos labregos e mariñáns, e que recén no século pasado os "señoritos" das cidades escomezaron a desprezar o galego e a falar en castelán; segundo diste xeito:

"Máis nisa primeira e insinuante siñal de conquerimento cultural surdeu varilmente o renacemento espiritual de Galiza, xa a algo ramatamente anunciado polo Pai Sarmiento e Pai Feixón — únicas luces no soño de século — e que foi feito realidade co impulso de Faraldo, Aguirre, Ponal, Rosalía, Vicetto, etc. A partir diso entre histórico a persoalidade de Galiza eisistía non só na rusticidades popular senón tamén nas expresións cultas, que demostraron ó mundo que reverdecia unha nazonalidade con carácteres tradicionais que podían xa considerarse unha verdadeira cultura, de "substratum" céltigo e europeo (distinto do predominiantemente "mudéjar" de casi toda Hespaña) e con vetas inesgotables de inspiración artística. Continuazón dista nova á vida é a xeneración das primeiras realidades efectivas: Villar Ponte, Risco, Otero Pedrayo, Castelao e outros, que trasladaron ó terreo da acción a laboura dos Precursores".

"Máis o cego oficialismo madrileño seguía tamén xordo e mudo. Combatíuse tanto se poído a posibilidade de vivir de Galiza. Non se considerou que ese enmudecemento dos vaiores galegos durante a dominación castelá, probase que ese país de tantas posibilidades só podía vivir por si mesmo. Todo o contrario, afirmouse nilo pra desprezálo. Nas escolas segueuse ensinando en castelán, con mestres que non entendían o idioma dos seus alumnos, que a sua vella non comprendían os seus mestres, producindo no neno un verdadeiro "shock" psicolóxico, orixe de boa parte dos comprengos de inferioridades de moitos galegos. Non se considerou na sua realidade o problema social-económico galego, cuia probabel solución esté nas cooperativas según o modelo de Dinamarca. Todo o con-

trario, aprícanse a Galiza as leis feitas pra a estepa, en condicións diametralmente opostas, co resultado de que o labrego galego deve emigrar pra non morrer de fame. O goberno castelán só atende o que lle doi (e ainda iso no moi ben), e na Hespaña artificial e outusa non se concibe un movemento que non empese afusilando alguén. Emporiso o paciente sofrimento de Galiza fixo dila o ouxeto de desprezo da estriñente mentalidade dos compatriotas de Sabela e Fernando.

"Cando Hespaña comenzaba, durante a República, por certo con grandes tropezos, a convertirse nun estado máis ou menos lóxico; o novo galego coas mans xa desatadas poido eleixir pra representalo homes de verdadeiro amor a Galiza e poído o fin eispresiar a sua vontade independentista, coa axuda da tesoneira laboura do Galeguismo. Co plebiscito do 28 de xuño de 1936, demostrouse con que aplastante superioridade, sobre dos "domesticados" pola infiltración castelizante, estaban os que amaban a sua patria e desexaban vela ceive. Desgraciadamente poucos días despóis prodúxose o tráxico pronunciamento, esencia das más nauseabundas e reacionarias intoleranzas da Castela inquisitorial, da Castela dos Reis Católicos e de Filipe II, cun rapax renovado; o Feixismo, que so disimulaba co seu aspetto de século XX seu verdadeiro lastre anacrónico. E desde ese tempo até os nosos días non se fixo máis que refirmar a gastada unidade de hespaña, falsa e antinatural, sometendo de novo ás nazonalidades peninsulares: Galiza, Euscati, e Cataluña. Pro niu coa forza broita; nin aínda rogando a terra galega co sangue dos únicos e verdadeiros patriotas, nin privando da liberdade ós homes polo só delito de honrar o idioma que adeprenderon dos beizos maternos, poderáse apagar a enerxía que leva consigo o movemento galeguista, como que está protexido pola natureza mesma das cousas. Esi é como oxe hai na Patria Galiza unha nova xeneración de intelectuais, de homes de cencia, de xóvenes patriotas, que ademáis da magnificenza das suas reaizáns, levan en si o xermano poderoso e definitivo rexurdimento de Galiza, que pola esencia europea pode ser o lazo de unión co continente que tanto necesita a península.

"Ubicados no actual entre histórico, corresponde determinar finalmente cal deve ser a nosa aportación á causa galega".

"Vimos, atraveso da miña esposión, que a situación actual de Galiza dista moito de ser a normal pra o desenvolvemento de calquera nazonalidade. D'ali que non podamos adoutar unha actitude de falso illamento cultural, de seudo — pura intelectualidade, ignorando as realidades d'aquilo que declararam ouxeto da nosa atención. Sen deixar en ningón entre de intrasnos no desenvolvemento das actividades antes descritas, poñeremos tamén o noso grau de área na obra de libera-

zón de Galiza, porque somos mozos, i é simpático privilexio da xuventude o desprendimento que lle permite estar presente ali onde haxa inxustiza que castigar ou unha maldade que desfacer. E podemos engadir: porque somos arxentinos e se sabe moi ben que a Arxentina ten unha tradición de xenerosidade nunca desmentida. Arxentina é a frase: "América pra a humanidade".

"Nos albores da nosa patria, sanguine arxentino correu por todo América en defensa da liberdade doutras povos irmáns, dende Chile e Perú na xesta sanmartiniana até a batalla de Pichincha no Ecuador. E nou por iso aqueles heroicos soldados eran moños arxentinos. Da mesma xeito, sen perder ren da nosa condición de bós arxentinos podemos axudar na obra de recuperación dunha nazonalidade oprimida, que ademáis, é por moitos conceitos, parte formativa da Arxentina".

"I é interesante comprobar cuntas circunstancias similares e comparables hai entre a situación actual de Galiza e a que tiña o noso país, a Arxentina, en 1810, visporas da revolución libertadora. O dominador é o mesmo: a coroa de Castela, i en ambas oportunidades sen lexítima testa real pra coroar. As Provincias Unidas do Río da Prata e Hespaña as separaba un océano; a Galiza e Hespaña ag separan unhas montañas (e xa se sabe que separan tanto, as vellas, unhas ondulazóns do terreo co un inmenso mar)."

"Na nacente nación arxentina, en nome da liberdade e coa vista posta na verdadeira Europa se eisaltaban as crecentes diferenzas nazonais que nos convertían nun país soberán".

"Na vella nación galega, o problema, non obstante parecerse, é ainda máis agudizado porque xa non se trata de crear unha nación, senón simpremente de recoñecer as suas indiscutibles características diferenciais; tamén a nova xeneración galega olla pras civilización europeas e loita tamén entre o ausolutismo, pola sua patria e pola liberdade. A Arxentina daria pouco máis tarde os seus fillos pra que morreas pola sua patria e sofriran o martirio pola liberdade. Galiza, desgraciadamente, xa os dou a fins da Edade Media, xa os dou no século pasado e xa os dou máis que nunca na recente guerra hespaña".

"En fin, nisa época os arxentinos eran considerados oficialmente como súbditos do Rei d'Hespaña, e ó principio só un valente grupo, considerado atrevidísimo, chegou a negao erguendo a bandeira da independencia. Oxe os galegos son incluídos nos tratados de xeografía e nos tratados de historia como hespaños, non se lles reconócen as suas diferenças, e son obligados a servir como tales ós intereses de Castela. E como na Arxentina de 1810, eisisten ferventes patriotas que non o aceitan e loitaran por nunca máis sexa eis!".

"Do que tratei de refexar non hai ren que nos impida seguir o camiño, máis sin moito que nos e eisixen.

(Pasa á páxina 5)

Arredor da Fala

Galiza foi sempre aldraxada. Seus fillos só teñen dous camiños: ficar na terra e sofreren vítimas do esquecemento dun atallo de tiráns que a gobernan dende lonxe ou fuxir cara a outras terras. Fora do seu chan relembran, chorán a soildade en que se atopan, e que produz no seu espírito un acabamento que o fai maléncónico e tristeiro.

Pesan sober del moitas e moitas contrariedades. Sua meta de emigración ven sendo sempre os países que o poden comprender millor. O che, garen a eles teima falar recordando as duas verbas casteláns que lle deprenderon na escola centralista. No resto da sua vida non ouviu falan nen falou ningunha outra vez na fala avasalladora e ladra da sua cultura. Teima a falar, producindo o mesmo efecto que calisquera outro estranxeiro polas rúas de Madrid — poñíamos un exemplo — mais aqueles producen admiración: "Son franceses! Son ingleses!". E istos producen risa e se lle di: "Son gallegos!".

O galego cando fala castelán non sabe falar porque a sua lingua non é

isa. Cando fala galego, cando se ri dos aldraxes e das incurias, cando se comporta como un home nado na Galiza herdeira da outiveza celta, cando fala na lingua outrora nai de culturas e restaura renascente, entón si fala ben. Fala ben porque o seu pensamento é galego e non sinte vergonza do seu orixe. Non escoita as caluñas dirixidas ó seu povo. Non escoita as burlas que lle fan porque non fala a lingua dura da meseta. Porque non fala a lingua bautarda nascida do latín e sometida á cultura dun povo que viña dun deserto tan reseco como a Meseta da arredista Castela. O Galego que é Galego non saberá falar a lingua das silabas pechas e das "j" duras e sons guturais. O galego que é galego sabe falar. Sabe falar porque fala na lingua agarimosa dos ríos cristalinos e das verdes campás. Fala na lingua que falaron os primeiros xográves. Fala na lingua más doce saída do latín. Fala na lingua de sons musicais. Fala no mellor vehículo da poesía. Entón si fala ben.

Non fala ben, nem comprende o galego, o señorito cultivado da cibidade, porque o señorito cultivado da cibidade ou é castelán ou está castelizado. Medrou no meio dunha "cultura castelán" e descoñece e despreza os valores da lingua que lle sirveu a Castela pra promulgar as primeiras leises da sua historia. Ise señorito castelizado é o único que non sabe falar porque mistura a sua lingua coa lingua que se lle impón. O bon galego e forzado a utilillala se quer gozar dos "dereitos" que lle recoñece e lle confer o imperialismo castelán. Os galegos que gardan os ancestrais heredos lingüísticos son os galegos do agro e do mar. Ises falan ben. E falan millor canto más arrédanse da lingua matemática cuías formas non más do que sabe? Iso quer dizer

que lle recoñeció ó galego capacidade melrande que a déles. Se non, ¿Cómo vaise amañar o galego que non dispón de meios onde poder educar o seu espírito e a sua mente? ¿Acaso llos da Castela? ¿Quer dizer que o tirán rexime feixista non suprimeu as poucas liberdades conqueridas a for de loitas constantes? Onte o galego tiña un certo respingo autónomo. Hoxe o galego respira un eisotismo total e cabal.

O galego fala ben cando fala co seu pensamento, co pensamento galego. O galego fala mal cando altúa co pensamento alleo, cando quer falar castelán.

Antón Santamarina.

Foliadas das Mocedades

Baile no casal do Sr. Da Presa:

No día 3 d'outubro fixose o primeiro baile das Mocedades, na residencia de Florida do dirixente da Irmandade Galega Sr. M. Da Presa. Na oportunidade a familia do Sr. Da Presa comprimentou xentilmente aos rapaces asistentes, quenes pasaron a velada nun ambiente de ledo divertimento.

Excursións camprestres:

A fin de estreitar a camaradeiría que nos une, rapazas e rapaces das Mocedades Galeguistas levamos a cabo duas rebulleiras foliadas. A primeira reaizouse o 25 d'outono no "Noso Lar", o fermoso campo que o Centro Ourenseño ten en Ranelagh; e a segunda na quinta do Sr. Formica, na veciña localidade de San Miguel, o día 8 de novembro.

Foron illas verdadeiras festas de xuventude galega, nas que os mozos garulando durante todo o día puxeron de manifesto a cordialidade e sano optimismo dos seus espíritos. Só nos compre agora, faguer chegadendo elíquio o noso agradescimento ao Sr. Formica e ó Centro Ourenseño pola estimable acollida que nos brindaron.

SOBOR DUNHA "EXÉGESIS" DA NOSA BANDEIRA

Nun artigo publicado no periódico "Galicia", da data 17 de novembro pasado, faise referencia á bandeira galega dicendo que a actual non é a verdadeira. O autor pretende que a auténtica é a usada polos exércitos galegos enrolados nas cruzadas imperialistas de Castela, engadindo unha reseña das campañas feitas á soma da por si chamada lexítima bandeira.

Non fai falla acrivar que as verdadeiras bandeiras non son as máis antergas: con ese criterio ningún estado europeo actual tería a sua auténtica sinal. A nosa, branca coa franxa blau, é a AUTENTICA bandeira galega; AUTENTICA porque así é aceitada pola unanimidade do povo galego, AUTENTICA porque en torno a ela xurdiron altos de inesquecible heroicidade, e DEFINITIVAMENTE AUTENTICA porque foi empapada polo sangue de Alexandre Bóveda, símbolo da interminable fita de mártires do galeguismo, asesinados pola barbarie dos que hellan "Arriba España!".

A que si é verdadeira, é a desprezabel mentalidade mesetaria do autor do devandito artigo. Iste suxeito, na sua cobarde campaña destinada a empezoñar a nobre laboura dos patriotas galegos, non desaproveita ningún dos recursos que d'abondo lle ofrece a sua má fe pra espareixer o confusionismo nas fieiras dos bós galegos. E nista laboura chega até a indiferença de pretender aldraxar a nosa bandeira, cicáis por saberse inmiserente, na sua condición de hispanoleiro, de cobrarse embaixo da nobre soma da nosa enseña.

AITO da CONSTITUCION DAS MOCEDADES

(Ven da páxina 4)

eramente: a nosa mocedad, o noso orixe, e a tradición da nosa nazas fai o povo senón catro barbas brancas, entre os libros conselleiros e centinelas do "ben falar".

Quer Castela que o galego saiba nalidade. Non desouzamos esa voces e poñímonos a traballar tanto antes baixo ese nome tan pleo de lembranzas no movemento galeguista: As Mocedades. Ren más!.

A continuación, Antón Santamarina, mozo galego de forte e apaixoadade verba, falou, dirixindose especialmente ós mozos galegos, pra instalos a loitar pola patria baixo a bandeira redentora do Galeguismo.

As derradeiras verbas dos dous oradores foron relevadas polos entusiastas aprausos dos presentes.

Como díño remate á xuntanza o Consello de Galiza agasallou ás Mocedades Galeguistas cun viño d'honor que foi oferecido polo irmán Alonso Ríos, quen en sentidas verbas expresou a lediza con que os galeguistas ven iste pulo das Mocedades deixa a militancia patriótica. Referíndose á laboura cultural das Mocedades, dixo que illas é facer coñecer os tesoros literarios e artísticos de Galiza farián un novo aporte a este cruxol de razas e de culturas que é a Arxentina, e que polo tanto a tarefa das Mocedades Galeguistas deve ecoar favorablemente no curazón da xuventude arxentina.

Pra rematar, o irmán Alonso Ríos, alentou os integrantes das Mocedades a seguir adiante a laboura tan entusiasticamente escomenzada, sendo o orador moi aprausado.

A xuntanza, que desenrolouse nun ambiente de confraternidade e onto sentimento patriótico, foi promesa de moitos éxitos.

As Xuventudes de Galeuzca Realizaron dous Grandes Festivaes

As mocedades galega, vasca e catalá, xunguidas baixo o nome de Galeuzca, organizaron dous grandeiros festivaes artísticos danzantes. O primeiro levouse a cabo no casal do A.B.C. de Corcubión o 31 de outubro, e o segundo o 19 de decembre no local do Centro Euzko-Txoko.

O principiar do primeiro alto falaron con enérxicas e patrióticas verbas os representantes das entidades patrociñantes. O irmán Xosé Vilas fixoo a nome das Mocedades Galeguistas, e logo de eispricar o sifificado de Galeuzca, prosiguiu:

"Os galegos non somos especificamente hispanoíns, tal como xeralmente se entende o hispanoísmo, porque o dito hispanoísmo é sinónimo de xitanería ou vella soberbia castelá (Ovación). Nós, somos ibéricos, e como ibéricos vivimos, sentimos e actuamos, emporiso irmanámonos con vascos e cataláns, xa que a verdadeira irmandade, a única fraternidade posibel entre os distintos povos da Iberia só poderá lograrse cando sexan capaces de se comprender mutuamente, sen falsas e ridículas attitudes de hipotética superioridade.

Nós, os galegos, non pretendemos ser máis que ningún, pro tampouco podemos admitir que ningún se crea máis que nós". (Afrauoso)

O irmán Neira falou logo das nosas características diferenciais de tradición cultural de noso idioma, das peculiaridades da no sa raza celta o dos nosos dereitos nazonais, seguindo do seguinte xeito:

"Emporio, Galiza aspira a ser dona dos seus destinos, porque ten necesidade de compartir a súa misión histórica e non podería facelo suicidándose como pretenden algúns, que a tal cousa equivale renegar do que é propio pra adoutar o alleo".

O representante das Mocedades que até elquí falou en Idioma Nacional Arxentino, finou a sua alocución lendo un párrafo do libro "Sempre en Galiza" de Castelao, sendo aplaudido calidamente ao cabo das suas verbas polo numeroso público que enchiña totalmente as dependencias do casal.

Seguidamente falou a nome dos mozos éuscaros o Sr. Antón Irazusta e fechou os discursos a Sra. María Casanova, polo "Grup Juventut Catalana", quenes foron aplaudidos entusiasticamente polo concurrencia,

O programa artístico contou coa desinteresada colaboración do conxunto de gaiteiros "O Sisto", o dúo de guitarras López-Ximeno e a parexa Iglesias-Picouto, que oferesceron intresantes mostras do folklore galego. Os representantes dos acervos populares vascos e cataláns interpretaron fermosas bailes nazonais. A festa prolongouse até as horas da madrugada cun bailabel pleo de alegría e animación.

O segundo festival de Galeuzca contou con alumnos da "Escuela Nacional de Danzas" que interpretaron

fermosas danzas típicas arxentinas, e representando à Nazón Galega o espetacular conxunto de danzas do Centro Betanzos e o coro "Brétemas e Raiolas" coas suas parellas de baile. Antes de aitar os artistas galegos o representante das Mocedades, irmán Neira, falou novamente en nome das nosas Mocedades. Do seu discurso estraiñamos os seguintes párrafos:

"Non é posibel, señoras e señores, que tendo nós os galegos, crasismas razóns históricas, recoñecidas e documentadas por organismos internacionais, non é posibel — repito — sopitar por máis tempo que iste aldraxe siga cometéndose. Esgotaremos todas as nosas forzas se fose necesario reclamando a Patria queinxamente, e co pretesto da absurda "unidade hispanola", arrebataron-nos fai casi cinco séculos. A nosa loita ten de ser denodada, intransixente, enérxica, e anque en cada galego hai un músico e un poeta, deixaremos, se as circunstancias o eisenen, a gaita e a pruma e lanzaremos sobre os usurpadores da nosa Patria. Somos líricos con enérxia.

Somos pacifistas eisixindo xustiza.

E Vós, arxentinos descendentes de galegos, celtas do Novo Mundo, sangue e raza trasplantada en América, tende en conta á Terra dos vosos pais, xa que racialmente tamén é vos; e sen esquecer a libre querida Arxentina acutade nas nosas fieras. Irmáns galegos; loitemos sen trégola pola redenzón da nosa Terra, xungamonos todos xa que a unión fai a forza e cumpramos con iso dever sagro que é a defensa da xustiza e da liberdade. Tende en conta que eisí fixeron os irlandeses e oxe Irlanda é libre.

"Todos! Ausolutamente todos temos a obriga moral de poñer o noso gran de millo no cabaceiro patrio da terra de Castelao".

Ao final do seu discurso, o irmán Neira Vilas foi longamente aplaudido polo numeroso público, que chegaba ás mil persoas. Logo das bellas interpretazóns folklóricas dos grupos vascos e cataláns a festa finou cun animado bailabel nas horas da madrugada.

O Galeguismo de Loito

O FALESCIMENTO DE RAMON VILAR PONTE

Unha vida enteira entregada a Galiza. Un pensamento que xungiu ao pasado ao porvir. Xa cando no futuro da Patria se teña que marcar aos bós e xenerosos, abremos que entre eles non fallarán os nomes de Antón e Ramón Vilar Ponte. Nasceron en Galiza, viviron nela, pra ela e por ela e morreron en ela.

Cando na Cruña se fixo o funeral de Antón, no ano 36, a moitedume ía atrás dos restos do prócer en silencio impresionante. Concurrían os galeguistas dos cen vales e seguían pasenxo cos panos brancos nos oílos, o derradeiro viaxe d'aquel limpo de corazón. Alguén home enteiro perguntou amodioño dende unha nerada do cortexo:

—Estes galeguistas, son un partido político ou son unha familia?

Agora no 53 morreu Ramón tamén na Cruña, e penso que na comitiva non irian, como na de seu irmán, outra vegada as xentes dos cen vales de Galiza.

Mais os galeguistas siguen sendo, como onte, unha grande familia e os que o acompañaron estamos seguros de que choraron por li as lágoas dos ausentes; que na grande familia morreu outro irmán maior e o pranto afoga os peitos dôridos.

Fai cinco anos decfa el a un amigal paseando polo Cantón Grande.

—Eu teño fío no porvir da Terra, sei que ha de xurdir entre os galegos a inteira concencia nazonal. O contrario pareceríame unha aberración da natureza; mais tamén teño o presentimento de que eu non verei a

liberdade de Galiza.

"Cousa rara, — engadía no seu linguaxe, sempre pausado e sempre certeiro — nin teño apuro no conquemento da nosa liberdade, preocúpame mais que o sentimento dísia liberdade non deixe nunca de medrar.

Morreu con fame e sede de xustiza. Era un limpo de corazón. Era benaventurado. Era un bío e xene.

R. de V. O.

Folklore Galego

Compañía de Arte Popular Galego "Os Pándigos"
Dirección: TACHOLAS

Bailes, canzóns, comícidade

Debut 22 de Xaneiro
Teatro "Grand Splendid"

Escoitade a audizón "La Voz de Galicia" — Lús e Xoves ás 21 hs. - L.R. 9 Radio Antártida

NA DATA DA MORTE DO GUIEIRO

Brilante i Emotivo Aito das Mocedades Galeguistas no IV Aniversario do Pasamento de Castelao

Co gallo de se comprar o IV aniversario do pasamento do inesquecible guieiro da Galeguidade, Castelao, as Mocedades Baleguistas —núcleo patriótico dependente da Irmandade Irmandade Galega, integrado por xuventudes arxentinas e galegas— organizaron o día 3 de Xaneiro un brillante i emotivo aito de afirmación nazonal galega e de lembranza á memoria do mestre que dende o alén sigue presidindo las nosas angúrias patrióticas.

Dito aito levouse a cabo no címetrio da Chacarita, diante do panteón do "Centro Gallego" —onde Castelao acouga o sono eterno— coa presencia do Segredario do Consello de Galiza, Don Antón Alonso Ríos; representantes das más importantes entidades galegas e un público superior ás cincocentas persoas.

Deu comenza o aito cunhas verbas a cárgoo do Segredario das Mocedades, irmán Calros Abraira, espricando as razóns polas que o mesmo tiña que se reaizar fora do Panteón do Centro Gallego. O irmán Abraira dixo o seguinte:

"As Mocedades solicitaron a Xun-

ta do "Centro Gallego" premiso pra ista homaxe a Castelao; suponemos que por un mal entendido foi denegado. Nós, acatamos ista resolución pola seriedade do noso movemento e polo respeito que merece a memoria de Castelao. Farémolo entón dentro de eíqui (a vereda enfrente do panteón), onde a Xunta non ten xurisdicción".

Os presentes —pra non comprender aos orgaizadores do aito— acataron esa resolución, refrexaudo nos seus rostros a indignación que lles produxo tan antipática e antipatriótica determinación dos directivos de "Centro Gallego", tendo verbas condenatorias pra quenes se burlaron diste xeito dos sentimentos da colectividade galega.

A seguido, componentes dos coros, "Os Rumorosos" do Centro Betanzos, "Castelao" de Parroquias Unidas do Axuntamento de Rianxo, "Brétemas e Raiolas" e da Agrupación

Coral "Rosalia Castro", baixo a eficaz dirección do xoven mestre Carlos López García, cantaron o Himno Nazonal Galego, pondo unha nota de fondo sentimento patriótico, pois poucas vegadas nos foi doado escutar a nosa canzón patria resoando con tan variles acentos, espallando á ar a presencia de Galiza nisá maífica conxunzón coral de máis de centocincoenta voces.

Logo que o presidente das Mocedades Galeguistas, irmán Antón Santa-maria, espricou o carácter do aito, a señorita Adelina González Doval, con verbas maíficas que conmoveron a todos os presentes, destacou a sifilicación da figura de Castelao a nome das xuventudes galegas e de xeito especial das mulleres de Galiza.

Dixo a irmá Adelina González Doval:

"Castelao, irmán noso, ó comprir.
(Pasa a pág. 8)

A RESOLUZON DÁ XUNTA DIREITIVA DO "CENTRO GALEGO"

Se ben xa foi comentada e condenada como se merescía por parte dos concurrentes ao devandito aito, non podemos deixar passar en silencio a incalificable conducta das autoridades do "Centro Gallego", coa insólita desaxeitada resolución de prohibir a reaización diste aito, pretendendo discutir silenciar o sentimento da colectividade galega hacia a sua figura más representativa, que indiscutiblemente foi e sigue sendo, o inmorrente Castelao.

Aos que andamos ao redor do "Centro Gallego", e coñecemos o pensamento dos seus aituas dirixentes, non nos sorprende esa resolución por parte do voces da Agrupazón "Celta", pois todos sabemos os brincos que esa Agrupazón ven dando lenda e intre que chegou ao poder, escudándose nun republicanismo que os feitos ferense encaregando de amostrar que somente existía cando de pedir o voto se tratava. E tanto non nos sorprende, pois entre os voces pertenecientes á "Celta" figura aquí siñor do "plato único", que nunha oportunidade chegou a querer provocar a expulsión de Castelao de Bós Aires ises mesmos voces figura o que se titula a si mesmo — en xerga futbolera — "campeón do antigaleguistas; o mesmo que lle ofreceu o banquete a Cesáreo González e que a continuación se nos presenta, nemigo número un do idioma galego e de canto sinaltazón de Galiza como povo diferenzado.

Tampouco nos sorprende que votaran esta resolución os voces da Agrupazón "A Terra", pois é notorio que istes siñores astuan a espádoras da sua Agrupazón e prácticamente non representan a ninguén.

O que si nos sorprende — e devemos confesalo — foi que os voces da Agrupazón "Galicia" teñan dado o seu consentimento a esta antipatriótica medida pois foi precisamente de todas ilas a Agrupazón "Galicia" a que máis honores lle rindeu a Castelao, cando de esa Agrupazón foi maoría no "Centro Gallego" e cando todos sabemos que de un tempo agora — sobre de todo da saudabel depurazón que fixo nas suas fías — ista Agrupazón vense destacando polo senso patriótico que imprime ás suas situacións.

Unha de duas. Ou estábamos trabucados ao pensar que a Agrupazón "Galicia" había enderezado por onde teñen que estar os galegos díñus e leales cos Patria; ou os seus voces no "Centro Gallego" astuaron en desacordo coa ourentazón da sua Agrupazón.

Impone pois unha aclarazón e reificación de conducta. Os seus propios prestixios eisi o eisixen. Nós damosles unha oportunidade en tal sentido para que non estén conceituados todos dun mesmo xeito, pois nosoutros... xa sabemos con que boi aramos.

ANSUARDO.

Curso de Nazonalismo Galego

As Mocedades Galeguistas organizaron un breve curso de Nazonalismo Galego composto por tres conferencias; a primeira foi pronunciada polo esgrerro galeguista Licenciado D. Ramón de Valenzuela Otero, o 26 de novembro nos salóns, xentilmente cedidos, do Centro Ourenseño. Logo de que a afervoadha concurrencia coreara o Hino Nazonal Galego presentou o orador o irmán Carlos Abraira, segredario xeral das Mocedades, espricando os motivos e a necesidade diste curso e posiendo baixo a advocación do noso idioma, do cal dixo que é o más importante facedor do noso rexurdimento nazional; falando logo o Ldo. Valenzuela sobre do tema "Síntesis Histórica de Galiza".

O 3 de decembro no Centro Betanzos levouse a cabo a segunda conferencia, que estivo a cargo do Sr. Bleito Cupeiro, quen desenrolou o tema "Os Problemas Económicos Galegos", facendo una axeitada percorrida polos desvariados problemas disa índole que aflixen á nosa Terra.

A derradeira conferencia, sobre "O Ideal Galeguista" foi pronunciada, o 10 de decembro no Centro Ourenseño, polo Sr. Rodolfo Prada, quen alienou as Mocedades a seguir polo vieiro de liberdade pra Galiza que fora iniciado por Antolín Faraldo.

No noso próximo número publicaremos, en forma de artigos, os resúmenes destas magníficas conferencias.

ADIANTE

A nosa voz pregáa — a reden zón da boa — Nazón de Breogán

Ano I

Bôs Ares, Xaneiro 1954

Número 1



Frente ao Panteón do Centro Galego. Vista parcial do público asistente e ao aito

Brilante i emotivo aito das Mocedades Galeguistas no IV Aniversario do pasamento de Castelao

(Véndase páx. 7)

se un novo aniversario da tua morte, as Mocedades Galeguistas xúnguese en torno ó teu xacigo pra adicarche un sinxelo e afervoado homaxe.

Catro anos fai que marchache pra alén e cada distes catro anos, ó medrar nosos corazóns novos, a tua imaxe foi afondándose nelles como os nomes tallados nos troncos dos álbres que máis afondanxe cando máis o albre medra. Castelao, encarnación de Galiza, guieiro noso, as verbas belidas xa foron ditas no teu louvor por homes insines e a tua grande significanza non é mester notala, pois xa latexa no peito de todolos galegos, Emporiso, soio cómpreme.

oferecerste unhas frores en nome da muller galega, esa muller galega que ti fixeche figura inmordeira coa tua xenial man de artista, i en nome das Mocedades que labouran aprol de Galiza, levando nos beizos o teu nome que ainda é bandeira de loita e xa ecoa coma un hino trunfal.

Ao remate distas verbas a multitud baixou en respetuosa ringleira, encabezada por duas rapazas das Mocedades, que levaban unha oferenda floral, que foi despositada perante a tumba do noso guieiro máisimo.

A seguido, gardouse un minuto de solene silencio. Finando elsi iste aito de fonda emotividade patriótica.

VOCABULARIO

FALADE BEN

O Idioma Galego é unha das más abastadas línguas derivadas do latín. Cando faledes galego usade os sinónimos que a sua riqueza nos ofrece:

Verbas comúns

- Azur (côr).
- Estrado.
- Festa, foliada.
- Rico (adjetivo).
- Suceso, andanza.
- Xeneroso (adjetivo).
- Xesto.

Sinónimos correitos

- Blau.
- Astrago, baileo.
- Quirola.
- Abastado, abondado.
- Quínola.
- Doado (usase tamén como "Fácil").
- Contienza, aceno.

ADIANTE

Voceiro das Mocedades Galeguistas

Redaición e Administración:
BELGRANO 2186

Direitor:
C. CONLES TIZADO

Traballaron niste número:
REDAICIÓN:

A. González Doval

C. Abraira

COLABORACIÓN:

A. Santamarina

X. Neira Vilas

Ido. R. de Vilanova

A. Merada

Ansuaro

Doada confianza dun grande patriote galego:

Don Manoel Puente

A xenerosidade diste gran galeguista fixo posibel que varios historiadores i especialistas galegos, dirixidos por Don Ramón Otero Pedrayo, adicáranse a compôr unha grande e xeral Historia de Galiza; a que, dende logo, estará escrita no noso idioma. Os orixinaes dos dous primeiros tomos foron entregados ó Consello de Galiza en aito público ó que foi especialmente invitado o presidente das Mocedades Galeguistas, armán Antón Santamarina.

Isa laboura é, como ben dixo o Sr. Rodolfo Prada no devandito aito, o máis indestrutible monumento ó seu xeneroso patrocinante que pode ficar sobre da terra; porque podería ainda desaparecer a nosa Terra por un grandeiro cataclismo, mais en algúnhha biblioteca do planeta figuraría un exemplar dista obra, verdadeiro fito cultural na historia de Oicidente.

LIBROS GALEGOS

Mercádeos na Bolsa do

Libro Galego

Federico Lacroze 4086

Bôs Ares